



Volven os Grises...ou é que nunca marcharon?
XORNADAS ANTI-REPRESIVAS
OURENSE Xuño 2015

Xoves 4/ 20hs Bar Lusco e Fusco (R/Liberdade)
Charla "Tortura como Negocio" Santi Cobos

Mérc 10 & Xov 11/ 16-20hs Bar Grândola (Pr/S. Marcial)
Obradorio Seguranza Informática

Sáb 13/ 18.30hs C.S.O Kasa Negra (R/Ponferrada)
Lei Mordaza. Ceador&Concerto:Argallada

Martes 16/ 19'30hs.
Biblioteca Pública Nodal (R/Concejo)
"Estudantado no punto de mira"

Xoves 18/ 17- 20'30hs.
Local Escua (Pr/Estrela)
Obradoiro Efectos Psicosociais da Represión

Xoves 25/22hs **Proxección na rúa "Ciutat Morta"** (Pr/Saco e Arce)
Venres 26/20hs **Día de Apoio ás vítimas de tortura** (Pr/Ferro)
Xoves 1 xullo/ 20hs **Teatro dxs Oprimidxs "Desobediencia civil"** (Pr/Ferro)

xornadasantirepresivas@rfseup.net xornadasantirepresivas.wordpress.com

A continuación fazemo-nos eco das jornadas anti-represivas que terán lugar em Ourense entre os vindeiros 4 e 18 de Junho.

“As Xornadas Anti-Represivas xorden como un proxecto entre xente de diferentes colectivos e movementos. Como resposta perante a necesidade de divulgarmos as formas de represión (vellas e novas) que, a día de hoxe, ameazan as liberdades do pobo. Precisamos, logo, de ferramentas para as combater con éxito, pois onde hai loita hai esperanza, mais tamén puntos de represión que habemos superar tecendo redes de apoio.

As actividades que conforman as Xornadas abranguen distintos eidos da represión: A Lei Mordaza, a seguranza na rede, os efectos psico-sociais do medo, a represión do estudantado ourensán, a tortura física e psicolóxica e a privación da liberdade, entre outros.

As Xornadas Anti-Represivas desenvolveranse ao longo do mes de xunho en Ourense. Cada actividade levarase a cabo nun punto distinto da cidade das Burgas: centros sociais e culturais, tabernas, bares, prazas e na propia rúa.

Co obxecto de transcender o formato de charla, procuramos outras fórmulas de abordarmos a temática da represión mediante dinámicas, obradoiros, a performance e o teatro.”

INFO ao completo: <https://xornadasantirepresivas.wordpress.com/>